



Proxecto de Decreto /2018, do xx de xx, polo que se modifica o Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo que se institúen os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia).

A Xunta de Galicia, no seu interese por promover e difundir o concepto da responsabilidade social empresarial, ten instituídos por Decreto 156/2014, do 4 de decembro, os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia, en adiante Premios RSE Galicia, como maneira de poñer en valor e recoñecer publicamente o labor daquelas empresas que adoptan principios e prácticas de responsabilidade social na súa xestión.

O obxectivo da modificación deste Decreto é o de enfocar estes premios para que a valoración da empresa premiada o sexa dunha maneira integral nesta materia así como dar recoñecemento público a aquelas iniciativas e boas prácticas desenvolvidas polas empresas galegas en calquera das dimensións ou ámbitos (laboral-económico, ambiental, e/ou de acción social) da RSE.

O Decreto 135/2017 do 28 de decembro (DOG nº 18, do 25 de xaneiro de 2018) establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e, en virtude desta normativa, esta consellería é competente, entre outras, nas materias de responsabilidade social empresarial.

Por iso, facendo uso das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xxx de xxx de dous mil dezaoito

DISPOÑO:

Artículo único. Modificación do Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo que se institúen os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia)

O Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo que se institúen os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia), queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado como sigue:

Artigo 1. *Obxecto e modalidades*

Os premios RSE Galicia están destinados a recoñecer publicamente e premiar a aquelas empresas que nos seus sistemas de xestión, implanten e poñan en funcionamento os principios e prácticas de responsabilidade social empresarial, contarán con dúas modalidades, unha de carácter xeral, cun premio á excelencia en materia de RSE para aquelas entidades nas que a súa actividade empresarial poida considerarse como un exemplo integral nesta materia, e unha segunda modalidade, para recoñecer publicamente o labor desenvolvido polas empresas galegas en calquera das dimensións ou ámbitos laboral-económico, ambiental e de acción social.



Dos. O artigo 2 queda redactado como sigue:

Artigo 2. Periodicidade e convocatoria.

Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de emprego e relacións laborais realizarase a convocatoria de cada edición e a aprobación das correspondentes bases dos premios. En cada orde de convocatoria concretaranse os aspectos en cada unha das modalidades establecidas no artigo 4 deste decreto.

Tres. O artigo 3 queda redactado como sigue:

Artigo 3. Participantes.

1. Poderán optar aos premios as empresas públicas ou privadas galegas, ou que contén con sede ou con centros de traballo en Galicia que, a través dos seus sistemas de xestión, desenvolvan actuacións responsables, nos ámbitos laboral-económico, medio ambiental, e de acción social, demostrando así o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde de convocatoria.

2. Non poderán optar aos premios as entidades sen ánimo de lucro.

Catro. O artigo 4 queda redactado como sigue:

Artigo 4. Modalidades.

1. De carácter xeral: Premio á excelencia en materia de Responsabilidade Social Empresarial. Nesta modalidade valoraranse de forma integral as empresas que opten ao premio, nos seguintes ámbitos:

a) Laboral-económico. Teranse en conta aspectos tales como a creación de emprego, calidade do emprego, igualdade laboral, ou que faciliten ao seu cadro de persoal a conciliación, a través de medidas como a reorganización de tempos e espazos; recursos e estruturas para o coidado doutras persoas; medidas que posibiliten o seu desenvolvemento persoal; modificación de roles entre mulleres e homes que posibiliten a implicación de ambos coa familia, o fogar ou o traballo, a innovación, a calidade e a ética empresarial.

b) Medio ambiental. Teranse en conta aspectos relativos ao impacto ambiental que xera a empresa na súa actividade.

c) De acción social. Teranse en conta aspectos tales como a diversidade, integración social, formación, acción social, compromiso coa comunidade local ou calquera outro que redunde neste ámbito.

2. De recoñecemento público: Distinguiranse mediante mención a aquelas empresas pola súa labor desenvolvida en calquera das dimensións ou ámbitos laboral-económico, medio ambiental e de acción social.

Cinco. O artigo 5 queda redactado como sigue:



Artigo 5. Categorías.

Os premios RSE Galicia en función do tipo de empresa que opte a calquera das modalidades dos premios, contarán con tres categorías

Categoría a) – Pequena empresa: para empresas que ocupen ata 49 persoas traballadoras.

Categoría b) – Mediana empresa: para empresas que ocupen a 50 e ata 249 persoas traballadoras.

Categoría c) – Grande empresa: para empresas que ocupen a 250 ou máis persoas traballadoras.

Seis. O artigo 6 queda redactado como sigue:

Artigo 6. Xurado.

1. Para os efectos de concesión dos premios actuará un xurado, que estará presidido pola persoa con rango mínimo de director xeral competente en materia de emprego e relacións laborais, e do que formarán parte, como vogais, unha persoa representante por cada unha das consellerías con competencias en materia de Economía, Política Social, Igualdade, e de Medio Ambiente, designadas polas persoas titulares das consellerías respectivas, así como, representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia.

2. Tamén formarán parte do xurado dúas persoas expertas en materia de responsabilidade social designadas pola Presidencia deste.

3. Actuará como secretario/a deste xurado un persoa funcionaria designada pola Presidencia do Xurado con voz pero sen voto.

4. Na composición do xurado procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres, dita composición e o seu funcionamento concretaranse mediante a orde de convocatoria do premio.

Sete. O artigo 7 queda redactado como sigue:

Artigo 7. Xestión e concesión e retirada

1. A xestión dos premios correspóndelle ao órgano directivo competente en materia de emprego e relacións laborais.

2. Os premios RSE Galicia concederanse por resolución da persoa titular da Consellería competente en materia de Emprego unha vez elevada a proposta do Xurado.

3. Así mesmo, ante incumprimentos graves das empresas galardoadas, coñecidos con posterioridade a outorgarse o premio correspondente,



mediante a apertura e tramitación dun expediente, a Consellería competente en materia de emprego e relacións laborais poderá resolver a retirada de dita distinción.

Oito. O artigo 8 queda redactado como sigue:

Artigo 8. Características dos premios.

1. Os premios RSE Galicia teñen carácter honorífico e carecen de dotación económica.
2. A entidade galardoada poderá facer publicidade da devandita concesión en anuncios, publicacións e memorias, especificando o ano no que foi premiada, así como publicar ou difundir a concesión do premio en calquera medio de comunicación, de acordo coa imaxe gráfica do premio, desenvolvida pola Consellería competente en materia de Emprego.

Nove. A Disposición derradeira primeira queda redactada como sigue:

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de emprego para convocar mediante orde os premios RSE Galicia e ditar as disposicións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xxxx de xxxxx de dous mil dezaioito

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria